



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Cuestións filosóficas do mundo contemporáneo		Código	652G03036
Titulación	Grao en Educación Social			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Profesorado	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Web	www.udc.es (página Web de la Facultad de Ciencias de la Educación)			
Descripción xeral	<p>A materia "Cuestións filosóficas do mundo contemporáneo" propone plantear ó alumno, desde una perspectiva filosófica (polos conceptos e teorías ós que se recorre, tomados do pensamento do século XX), unha reflexión sobre algúns dos principais desafíos que ten de afrontar a sociedade contemporánea. Trátase de cuestións que afectan, desde un punto de vista reflexivo, ó labor dos educadores sociais, pois as dificultades prácticas que estes teñen que afrontar non poden desligarse dalgúns dos grandes problemas abordados pola filosofía do pasado século.</p> <p>Cuestiones coma o debate en torno á posmodernidade, a presencia da barbarie na historia máis recente, a crítica dunha racionalidade unilateralmente orientada ó científico-técnico, os procesos de emancipación da muller ou a impronta da secularización nanosa situación cultural cóntanse entre os asuntos a reflexionar a partir de textos filosóficos.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emergentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagógicos, psicológicos e sociológicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A4	Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificultan a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacions de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coerentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados de aprendizaxe	Resultados da aprendizaxe		
	Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Analizar os efectos sociais e culturais do proceso secularizador nas sociedades modernas, tomando conciencia das súas consecuencias tanto positivas como negativas	A2 A5 A8 A11 A14 A20	B1 B2 B5	C1 C3 C4 C6 C8
Interpretar os supostos e consecuencias do réxime patriarcal, asumindo unha actitude crítica	A2 A4 A5 A8 A11 A14	B1 B2 B4 B5 B6	C1 C3 C4
Analizar a importancia das técnicas de reproducción da imaxe na sociedade contemporánea, adoptando unha actitude crítica fronte ós seus efectos negativos	A1 A2 A5 A8 A11 A14 A20	B1 B2 B4 B5 B6	C1 C3 C4 C6 C7 C8
Tomar conciencia das prácticas de barbarie que acompañan ó desenvolvemento civilizatorio e da necesidade de prevenir a súa aparición	A1 A2 A5 A8 A11 A14 A20	B1 B2 B4 B5	C1 C4 C6
Identificar os principais factores que ameazan ó ecosistema e tomar conciencia da necesidade da súa preservación	A1 A2 A5 A8 A11 A14	B1 B2 B5	C1 C3 C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Civilización e barbarie no mundo contemporáneo	1.1. Balance da Ilustración: modernidade vs. posmodernidade 1.2. A barbarie nazi: o mundo concentracionario
2. A crítica da "razón instrumental"	2.1. A "teoría crítica" da Escola de Fráncfort 2.2. Limitacións da tecnoociencia 2.3. A crítica ecoloxista ó progreso



3. Emancipación e igualdade: filosofía e xénero	3.1. As conquistas do feminismo contemporáneo 3.2. O existentialismo coma filosofía da liberdade 3.3. O feminismo de Simone de Beauvoir
4. O proceso de secularización	4.1. O diagnóstico de Nietzsche: "Deus morreu"; 4.2. Consecuencias socioculturais da secularización 4.3. Crítica da relixión e heranza das tradicións relixiosas
5. A crítica á civilización da imaxen	5.1. Aspectos filosóficos (ontolóxicos, éticos e políticos) da civilización da imaxen 5.2. O novo estatuto da imaxen resultante do cine

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 A20 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C7 C8	21	36	57
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A20 B1 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	21	10	31
Lecturas	A1 A2 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C7	1	20	21
Proba mixta	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C8	2	33	35
Atención personalizada		6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Seminario	O trabalho do seminario constitúe, xunto coas sesións maxistrais, o elemento central do traballo de aula na materia. Aborda o estudo dos núcleos temáticos dos contidos mediante a análise, posta en común, discusión e interpretación de textos (artigos e capítulos de libros) propostos ó alumno.  O traballo de seminario supón unha doble tarefa, a realizar fóra da aula, por conta do alumno. Por unha banda, a lectura previa dos textos. Por outra, o comentario de fragmentos extraídos dos mesmos e posterior, en consecuencia, ás sesións de seminario. Proporánse ó alumno 5 fragmentos, un por cada un dos bloques de contidos, dos que entregarán 3 comentarios.
Sesión maxistral	Recurrirá á exposición oral do profesor, co obxectivo de introducir nos núcleos conceptuais principais das unidades temáticas abordadas e establecer as pautas esenciais para a lectura dos textos que serán obxecto de análise e discusión nas sesións de seminario.
Lecturas	Proporánse varios libros de lectura dos que o alumno seleccionará un. Na aula ofreceranse unhas orientacións xerais, pero a lectura do libro será tarefa do alumno fóra da aula. Deberá asimilar o contido do texto, poñéndoo en relación co conxunto da materia, e elaborar un xuizo crítico sobre o mesmo. Na proba mixta incluirase un apartado referido ó libro de lectura, que permitirá cualificar este aspecto do traballo do alumno.
Proba mixta	Realizarase segundo a data e hora previstas no calendario oficial de exames. Constará do comentario dun fragmento extraído dos textos obxecto de lectura nas sesións de seminario e dunha cuestión teórica sobre os contidos abordados na aula, tanto nas sesións maxistrais coma nos seminarios.

## Atención personalizada



Metodoloxías	Descripción
Lecturas	As dúbidas puntuais que os alumnos prantexen poderán ser resoltas no interior da aula. Aqueles casos que requiran máis tempo de atención persoal serán atendidos nas tutorías, dacendo co horario que figurará no taboleiro do despacho do profesor.
Seminario	
Sesión maxistral	Tamén se atenderán consultas dirixidas a través do correo electrónico.
Proba mixta	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Lecturas	A1 A2 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C7	A cualificación do libro de lectura farase mediante a resposta do alumno a unha cuestión que se lle prantexe sobre o mesmo, acompañada dun breve fragmento. A cualificación máxima será de 2 ptos.  Valorarase o nivel de comprensión e síntese do libro leído, a conexión que se estableza entre o seu contido e o conxunto da materia, a claridade expresiva e conceptual, e a argumentación da valoración.	20
Seminario	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 A20 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C7 C8	A cualificación do traballo de seminario, que inclúe a lectura previa por parte do alumno dos textos e a elaboración polo mesmo de 3 comentarios (sobre os 5 fragmentos que se lle ofrecerán e que estarán extraídos dos textos traballados nos seminarios), farase do seguinte xeito: tres cuartas partes corresponderán á cualificación dos comentarios, con unha puntuación total máxima de 3 ptos. (1 pto. de cualificación máxima por cada comentario) e a cuarta parte restante valorará a asistencia e participación do alumno nas sesións de seminario, correspondéndolle unha cualificación máxima de 1 pto.	40
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A20 B1 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	A cualificación da actividade académica desenvolvida nas sesións maxistrais está incorporada na da proba mixta, pois nesta o alumno terá que demostrar a súa asimilación dos contidos abordados tanto nas sesións maxistrais coma nos seminarios.	0
Proba mixta	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C8	A proba mixta constará dun fragmento a comentar (extraído dos textos obxecto de análise nas sesións de seminario), cuxa cualificación máxima será de 2 ptos., e dunha cuestión teórica a desenvolver (referida ós contidos abordados tanto nas sesións maxistrais como nas de seminario), cuxa cualificación máxima será tamén de 2 ptos.	40

## Observacións avaliación

Esquema de reparto da avaliação do alumno (sobre unha cualificación máxima de 10 ptos.):

- PROBA MIXTA.- a súa cualificación máxima será de 4 ptos. Deles 2 corresponderán ó comentario e 2 á cuestión teórica.
- SEMINARIO.- 4 ptos. de cualificación máxima. Deles 3 corresponderán ós 3 comentarios que o alumno terá que entregar (1 pto. por comentario) e 1 á valoración da asistencia e participación na aula.
- LECTURAS.- 2 ptos. de cualificación máxima. Cualificarse por medio da resposta do alumno a unha cuestión que, a partir dun fragmento da obra eleída, lle sexa prantexada. O alumno respostará xunto coa proba mixta pero haberá dúas cualificacións distintas (a da proba mixta -4 ptos.- e a do libro de lectura -2 ptos.-).

Na segunda oportunidade (Xullo) manteñense os criterios anteriores, coa salvedade de que o punto reservado á asistencia e participación na aula distribuirase entre as outras tres cualificacións parciais, segundo a súa aportación proporcional á cualificación global.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Simone de Beauvoir (2005). El segundo sexo. Madrid, Cátedra</li><li>- Jean-François Lyotard (1995). La postmodernidad explicada a los niños. Barcelona, Gedisa</li><li>- Hans Jonas (1995). El principio de responsabilidad. Barcelona, Herder</li><li>- Hannah Arendt (2006). Los orígenes del totalitarismo. Madrid, Alianza Editorial</li><li>- Max Horkheimer (2010). Crítica de la razón instrumental. Madrid, Trotta</li><li>- Friedrich Nietzsche (2001). La gaya ciencia. Barcelona, Akal</li><li>- Max Horkheimer (2000). Anhelo de justicia. Madrid, Trotta</li><li>- Walter Benjamin (2006). La obra de arte en la época de su reproductibilidad técnica (Obras libro I/vol. 2). Madrid, Abada</li></ul>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"><li>- Manuel Cruz (2002). Filosofía contemporánea. Madrid, Taurus</li><li>- Christian Delacampagne (1999). Historia de la filosofía en el siglo XX. Barcelona, Península</li><li>- José Luis Villacañas (1997). Historia de la filosofía contemporánea. Madrid, Akal</li></ul>

## Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías